



Concello de Vigo  
Expte. 5280/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 1/2026

### SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2026

#### ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 29 de decembro 2025.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### **Ditames das comisións informativas:**

##### ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 4º trimestre do 2025 e período medio de pagos dos 12 meses do 2025; dación de conta. Expte. 30563/541. (Expte. Pleno 5274/1101).

##### **Mocións**

3. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o novo regulamento de control de pesca e as consecuencias para a frota da súas obrigas. Expte. 5284/1101.
4. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas en materia de teleasistencia. Expte. 5258/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a presentar un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro con dotación económica, e outros acordos complementarios. Expte. 5285/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas cos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS. Expte. 5286/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 1 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

7. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a establecer un convenio de colaboración co Concello de Vigo para a formalización de contratos públicos de apoio a voos desde Vigo a cidades europeas e españolas. Expte. 5287/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realizar un estudo de patoloxías das cubertas de todos os centros educativos públicos vigueses. Expte. 5288/1101.

## PARTE DE CONTROL

### Mocións

9. Moción do grupo municipal do BNG para garantir un servizo de autobús urbano de calidade en Vigo baixo xestión pública. Expte. 5282/1101.

### Resolucións

10. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5281/1101.
11. Resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5283/1101.

### 12. Formulación de rogos.

### 13. Formulación de preguntas.

#### ASISTENTES

#### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA      POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde  
 Aguiar Castro, Yolanda  
 Alonso Suárez, Olga  
 Aneiros Pereira, Jaime  
 Caride Estévez, María José  
 Espinosa Mangana, Elena  
 Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
 Fernández Pérez, José Manuel  
 Gómez Díaz, Gorka  
 Iglesias González, Ana Laura  
 Iglesias López, Patricia  
 Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
 López Font, Carlos

Benavides Alonso, Daniel  
 García González, Patricia  
 González Abeijón, Fernando  
 Martín Peña, Jose Miguel  
 Sánchez Méndez, M<sup>a</sup> Luisa

#### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
 Martínez Piñeiro, Ana  
 Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 2 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos (09:02 h.) do día vinte e seis de xaneiro do ano dous mil vinte e seis (26/01/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.(1). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO E ORDINARIA DO 29 DE DECEMBRO 2025.**

#### VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros da Corporación, vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 22/2025 extraordinaria, celebrada o 23/12/25
- Sesión núm. 23/2025 ordinaria, celebrada o 29/12/25

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

### **2.(2). INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO 2025 E PERÍODO MEDIO DE PAGOS DOS 12 MESES DO 2025; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 30563/541. (EXPTE. PLENO 5274/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 13.01.26, que di o que segue,

#### **«LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 3 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

## INFORME.-

### I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 4 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

**III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.**

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(.....)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 5 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.  
Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade computáse, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas (RCF), empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade computáanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

**Para as que se atopan pagadas ao final do período de cómputo**

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

**Para as pendentes de pago**

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcorridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcorridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 6 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pendientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en RCF ou rexistro até final do período de cómputo é maior que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de RCF ou rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

#### IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 7 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

#### V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2025.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2025 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspónden-se cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F. LISTE
<b>Pagos feitos no trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	2.209	110	116	107	47
Importe dos pagos	70.570.674,94	760.508,32	83.185,04	465.093,22	5.891,11
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	0	3	13	0	0
Importe	,00	1.650,48	13.262,04	,00	
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>5,80 días</b>	<b>11,55 días</b>	<b>17,69 días</b>	<b>4,30 días</b>	<b>5,44 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>					
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	223	32	33	0	4
Importe dos pagos	6.302.052,99	190.154,67	45.210,22	,00	1.341,07
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos		2	15	0	0
Importe	655.556,79	-1.654,51	12.275,93	,00	,00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>10,76 días</b>	<b>1,78 días</b>	<b>17,84 días</b>	<b>0,00 días</b>	<b>4,26 días</b>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 8 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F LISTE	
	Días		Días		Días		Días			
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	8,38	11,92	13,14	11,34	22,82	16,47	2,88	0,00		
Segundo	7,38	2,19	10,71	12,49	30,83	27,52	5,80	0,00	2,06	0,00
Terceiro	5,83	5,35	12,76	8,91	12,11	15,34	2,85	0,00	5,27	0,77
Cuarto	5,80	10,76	11,55	1,78	17,69	17,84	4,30	0,00	5,44	4,26

### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	25.880.348,48	7.668.317,32	153.411,02	280.003,59	169.571,29	28.034,22	25.536,97	,00		
Nº pagos	876	224	75	20	169	28	27	0		
<b>Segundo</b>	41.828.762,09	7.507.592,78	519.570,45	151.862,50	206.107,83	6.480,17	45.089,62	,00	4.376,22	781,07
Nº pagos	1.402	192	86	27	199	13	57	0	45	3
<b>Terceiro</b>	39.845.361,23	6.421.572,78	522.353,29	142.175,94	165.396,16	3.792,35	26.959,53		4.314,57	922,52
Nº pagos	1.324	179	82	31	123	17	37		34	3
<b>Cuarto</b>	70.570.674,94	6.957.609,78	762.158,80	188.500,16	96.447,08	57.486,15	465.093,22		5.891,11	1.341,07
Nº pagos	2.209	303	113	32	129	48	107		47	4

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 9 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

**Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.**

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

**Análise por meses para o grupo**

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2025.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2025													
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media/P.L
Ent. Local	7,74	6,55	7,52	6,73	8,25	4,88	4,97	5,73	5,56	4,94	6,09	6,36	6,94
MARCO	19,18	24,64	17,73	18,20	34,77	32,66	11,89	19,40	10,48	18,07	18,93	17,25	
XMU	8,98	6,96	3,93	10,03	6,56	5,12	8,11	11,60	9,90	6,51	7,86	8,36	10,96
V. C.BUR.	1,27	3,57	4,35	3,75	6,57	7,13	1,08	5,46	2,01	4,46	5,61	2,85	
LISTE						7,01	2,46	3,89	3,68	3,59	2,90	4,23	
<b>PMP Glob</b>	<b>7,80</b>	<b>6,67</b>	<b>7,51</b>	<b>6,83</b>	<b>8,41</b>	<b>5,10</b>	<b>5,04</b>	<b>5,86</b>	<b>5,64</b>	<b>4,99</b>	<b>6,14</b>	<b>6,37</b>	

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2025

Mes	INSTITUCIÓN									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7.436.594,51	3.158.235,90	29.693,21	14.200,68	27.967,00	24.391,84	2.991,38	0,00		
Febreiro	11.330.968,32	5.272.670,47	68.873,90	67.788,18	68.853,61	38.014,84	1.549,79	0,00		
Marzo	10.754.709,27	7.758.819,83	54.843,91	280.003,59	72.750,68	28.034,22	20.995,80	0,00		
Abril	16.299.973,99	7.793.951,50	360.966,78	44.993,11	21.036,25	73.789,41	24.692,64	0,00		
Maio	15.692.571,24	2.709.317,89	68.755,43	84.209,98	12.256,34	107.823,14	7.392,57	0,00		
Xuño	15.122.743,20	7.692.543,62	89.848,24	151.862,50	172.815,24	6.480,17	13.004,41	0,00	1.248,35	781,07
Xullo	16.853.440,58	7.132.355,68	210.924,67	196.661,56	66.432,47	17.219,01	6.332,99	0,00	1.341,78	915,08
Agosto	15.498.526,34	2.159.180,85	185.405,33	164.420,21	22.285,47	4.542,94	12.453,95	0,00	1.689,70	880,97
Setembro	12.013.578,56	6.427.338,43	126.023,29	142.175,94	76.668,22	3.792,35	8.172,59	0,00	1.291,06	975,52
Outubro	19.646.540,04	6.691.901,05	229.066,11	164.320,25	38.536,89	18.157,16	35.586,09	0,00	1.356,53	880,98
Novembro	19.547.911,89	4.878.036,35	284.303,75	94.885,86	24.986,25	18.013,99	75.872,46	0,00	1.102,60	1.691,00
Decembro	38.398.109,93	6.960.825,26	248.788,94	188.500,16	32.923,94	57.486,15	353.634,76	,00	406,00	1.341,07
<b>TOTAL</b>	<b>198.595.667,87</b>		<b>1.957.493,56</b>		<b>637.512,36</b>		<b>562.679,43</b>		<b>8.436,02</b>	<b>,00</b>

**Análise para o conxunto do período (ano 2025) para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 10 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
Concello de Vigo	6,94
Xerencia Municipal de Urbanismo	10,96

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 19 de xaneiro 2026, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 4º trimestre do 2025 e período medio de pagos dos 12 meses do 2025. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

\*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da "violencia machista".

\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:25 horas, ausentase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## MOCIÓNS.

### 3.(3). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O NOVO REGULAMENTO DE CONTROL DE PESCA E AS CONSECUENCIAS PARA A FROTA DA SÚAS OBRIGAS. EXPTE. 5284/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5284/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

#### MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 11 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

«O Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se modifican os Regulamentos (CE) n.º 1967/2006 e (CE) n.º 1005/2008 do Consello e os Regulamentos (UE) 2016/1139, (UE) 2017/2403 e (UE) 2019/473 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao control da pesca establece importantes modificacións no marco regulatorio do control e trazabilidade da actividade pesqueira na Unión Europea.

Durante o seu proceso de elaboración e aprobación, Galicia e o seu sector pesqueiro traballou abundantamente na achega de suxestións e propostas que recollían as particularidades da actividade nas nosas augas, especialmente no referente á pesca de baixura e do marisqueo. Froito dese traballo xurdiron dous ditames do Consello Galego de Pesca, atendendo aos dous procesos de elaboración realizados en dous mandatos diferentes do marco decisivo europeo, e varias iniciativas no seo do Parlamento de Galicia.

A maiores, chegado o momento da decisión adoptada mediante un procedementos de “trílogo” entre o parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, Galicia mantivo contactos e xerou propostas que trasladou a todos os ámbitos, reuníndose tanto co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo coma co ministro portugués de Pesca e a Secretaría General de Pesca, como encargados da Presidencia de quenda e da representación do Reino de España nestas negociacións. Asemade, tamén se reuniu coa director xeral de Pesca da Comisión Europea co mesmo propósito.

Con todo, o proceso negociador que levou anos culminou nun texto que impón novas obrigas ás nosas frotas e que recolle tamén certas adecuacións como a obriga de desembarque para o marisqueo a pé nos mesmos termos que se fai en Galicia.

Amáis, e no relativo á aplicación práctica do regulamento, este establece na súa exposición de motivos (*considerandos*) e na súa parte dispositiva, determinadas flexibilidades, exencións e medidas de simplificación que resultan de interese para a Comunidade Autónoma de Galicia, e que foron comunicadas a Madrid en febreiro de 2024 co gallo de que se aplicasen e tivesen en conta para evitar problemas no día a día e se xerara un necesario marco de trazabilidade (que o propio sector acepta e demanda) sen menoscabar a actividade diaria e a imposición de burocracia indebida.

Así, desde a Consellería do Mar trasladaron á Secretaria General de Pesca un total de 23 propostas entre as que se atopan a da exención de determinadas categorías de buques pesqueiros da obriga de completar e presentar unha notificación previa e unha declaración de transbordo; a exención para determinadas poboacións da obriga de estibar por separado as poboacións demersais suxeitas a plans plurianuais; as normas sobre procedementos de pesada e as normas especiais relativas ás pequenas especies peláxicas ou as normas sobre inspeccións das autoridades competentes dos Estados membros e dos operadores.

Isto engadiuse a unha petición mantida no tempo (procedente xa do Regulamento 1224/2009) para simplificar as normas que condúzan á exigencia de notificar as capturas a todos os buques pesqueiros. No caso da notificación previa de desembarque de capturas, aplicable a barcos 12 ou máis metros –e non so a pesqueiros suxeitos a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 12 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

plans plurianuais- pedíanse medidas que facilitasen un período de notificación previa máis breve.

Isto é factible en canto a que o artigo 17.1 bis. do Regulamento de Control sinala que *"El Estado miembro ribereño en el que tenga lugar el desembarque podrá establecer un período más breve para la notificación previa a que se refiere el apartado 1 en lo relativo a determinadas categorías de buques pesqueros de la Unión, teniendo en cuenta el tipo de productos de la pesca y la distancia entre los caladeros y el puerto o lugar de desembarque, siempre que dicho período de notificación previa más breve no perjudique la capacidad de dicho Estado miembro para llevar a cabo inspecciones. Dicho Estado miembro ribereño hará público ese plazo de notificación previa más breve y lo comunicará sin demora a la Comisión."*

No caso de Galicia, a existencia de medios propios de inspección pesqueira, sumadas aos despregados polo Goberno Central, fan factible que medios humanos de inspección estean presentes en calquera punto da costa ou instalación portuaria en menos de media hora, posibilitando esta inspección. Parece sensato que si os nosos mariñeiros "sofren" este importante depregamento de medios humanos de inspección, teñan vantaxes tamén á hora de traballar, facendo deste feito o apoio a esta demanda de flexibilidade. Amais, a necesidade de xerar notas de venda e controis en lonxa aumenta a seguridade dese control ex-post á notificación de preaviso, facendo máis robusto o control.

Por tanto, é factible adaptar este regulamento e as súas disposicións de mellor maneira ás especificidades da nosa frota, facendo viable unha trazabilidade plena da actividade a prol da diferenciación dos produtos do mar de Galicia sen afectar á actividade diaria da nosa xente do mar.

#### ACORDOS:

Trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Incorporar todas as flexibilidades posibles dentro da aplicación do Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 no que respecta ao control da pesca, con especial incidencia na notificación de preaviso, que debería quedar fixada en media hora.
- 2.- Formular unha mellora e simplificación dos procesos de notificación dixital de capturas e actividade, xerando un novo modelo máis intuitivo, rápido na súa cumprimentación e de menor previsión de comisión de erros involuntarios por parte das persoas encargadas deste trámite.
- 3.- Dirixirse á Comisión Europea a xerar unha proposta de modificación do Regulamento (UE) 2023/2842 do Parlamento Europeo e do Consello de 22 de novembro de 2023 no que respecta ao control da pesca en función das análises de evolución da aplicación do mesmo e da previsible revisión da Política Común de Pesca.»

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5292/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 13 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5290/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polo voceiro do grupo municipal do BNG (5292/1101) nin polo voceiro do grupo municipal do Partido Socialista (5290/1101).

#### VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* non houbo.
- *Abstencións:* vinte e unha (21), dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

#### ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e vinte e unha (21) abstencións, dezoito (18) dos membros presentes do Partido Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2026 (Rex. Nº 5284/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "sobre o novo regulamento de control de pesca e as consecuencias para a frota da súas obrigas", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- ***Incidencia.*** Sendo as 09:43 horas, auséntase do Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

#### **4.(4). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE TELEASISTENCIA. EXPTE. 5258/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro de 2025, número 5258/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 14 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## MOCIÓN

«En Galicia, unha persoa dependente tarde, de media, 349 días en ser valorada pola Xunta de Galicia e, polo tanto, en acceder á Carteira de Servizos da Dependencia. Galicia é, neste intre, a cuarta Comunidade Autónoma, pola cola, en tempos de resolución e de acceso ao Sistema.

Galicia, no vagón de cola de Dependencia.

Os datos de setembro de 2025 revelan que Galicia sitúase entre as Comunidades Autónomas con peores resultados neste indicador, moi por riba de comunidades como o País Vasco, con 130 días.

Recentemente, a Xunta de Galicia anunciaba con moito bombo a Estratexía de Atención á Soidade Non Desexada, que non é máis que un compendio de parches diante dun sistema de atención á Dependencia a que está colapsado. Os propios profesionais das equipas de valoración afirman que os efectivos son os mesmos que hai 18 anos, en relación co número de solicitudes que teñen que resolver.

Un dos exemplos, sen ir máis lonxe, é o servizo de Teleasistencia, que forma parte desa carteira de servizos que é primordial para loitar contra a Soidade Non Desexada e que permite que as persoas maiores que viven soas poidan ter un servizo de acompañamento permanente, que pode alargar a súa permanencia no fogar, con seguridade e atención.

A Xunta de Galicia ten, neste intre, 10.000 persoas usuarias de Teleasistencia e máis do dobre de persoas en lista de agarda para este servizo. Case un ano e medio dende que se solicita a valoración ata que se lle adxudica o servizo.

Cando a persoa dependente, despois de un ano e medio consegue ser valorada e se lle adxudica o servizo solicitado de Teleasistencia, atópase coa desagradable sorpresa de que ten que ingresar nunha longa lista de agarda para poder acceder ao servizo e, a maiores, coa noticia de que pasa dun servizo gratuíto prestado polo Concello de Vigo a un servizo da Xunta de Galicia que non é gratuíto.

É dicir, cando a persoa maior aínda ten certa autonomía, o servizo de Teleasistencia que lle presta o Concello de Vigo é totalmente gratuíto, pero cando a súa situación de dependencia empeora e entra na carteira de servizos da Xunta de Galicia, atópase con que o servizo, despois da longa espera, é de pago.

O Concello de Vigo ten, na actualidade, 891 persoas usuarias no servizo de Teleasistencia municipal, que é totalmente gratuíto e sen lista de agarda. Un servizo de teleasistencia avanzada, que monitoriza e xeolocaliza, que incorpora sensores nos domicilios para detectar fumes, gases, caídas e outras circunstancias adversas.

Un servizo no que o 30 por cento das persoas usuarias son maiores de 95 anos e a meirande parte maiores de 80 anos.

O perfil predominante é unha muller que vive soa, con idade comprendida entre os 86 e os 90 anos, que aínda é válida, pero que precisa de acompañamento para as necesidades básicas. O 91% das persoas usuarias da Teleasistencia Municipal son mulleres e de todas as persoas que reciben o servizo, o 77%, viven soas.

Toda a Carteira de Servizos de Dependencia contén ferramentas esenciais para loitar contra a Soidade Non Desexada e, concretamente, a Teleasistencia avanzada é fundamental para que as persoas maiores poidan permanecer nos seus fogares acompañadas e máis seguras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 15 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista, propón ao Pleno da Excma. Corporación Municipal os seguintes acordos:

-Instar a Xunta de Galicia a que preste o servizo de Teleasistencia, ás persoas dependentes, de forma totalmente gratuíta, do mesmo xeito que fai o Concello de Vigo.

-Instar a Xunta de Galicia a realizar un plan de choque para rebaixar a lista de agarda de Teleasistencia que en actualmente neste servizo.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte (20), dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

#### ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.12.2025 (Rex. Nº 5258/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, "*Instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas en materia de teleasistencia*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:01 horas, incorpórase ao do Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

### 5.(5). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A PRESENTAR UN PLAN INTEGRAL DE ACTUACIÓN PARA O SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO CON DOTACIÓN ECONÓMICA, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 5285/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 16 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5285/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«O servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro atópase nunha situación de colapso continuado. A acumulación de pacientes pendentes de ingreso, as demoras reiteradas no traslado a planta, a necesidade de que o persoal dobre quendas para facer fronte á sobrecarga asistencial ou a evidente insuficiencia de espazos para atender ás persoas usuarias son só algunhas das consecuencias desta situación.

A saturación permanente, os atrasos, o amoreamento e o progresivo deterioro da calidade asistencial están a comprometer seriamente tanto a seguridade das e dos pacientes como as condicións laborais do persoal sanitario.

Non resulta estraño, por tanto, atopar con frecuencia titulares que reflicten a gravidade da situación, como que o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro chegou a atender 797 pacientes nun período de 24 horas, unha das cifras máis elevadas desde a súa apertura. Esta presión asistencial extrema converteuse nunha constante.

Porque estes problemas que sofren de forma habitual, se deben a unha paradoxa non nova: menos consultas en atención primaria é maior presión sobre as urxencias hospitalarias.

Un modelo destas características resulta claramente insostible no tempo e evidencia a necesidade urxente de adoptar medidas estruturais que garantan unha atención sanitaria segura e de calidade.

A Xunta de Galicia debe actuar de maneira inmediata, adoptando medidas concretas que permitan desconxestionar o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro e solucionar todos os problemas da atención primaria da cidade de Vigo.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

### ACORDOS:

- Instar a Xunta de Galicia a elaborar e presentar, nun prazo de 3 meses e con dotación orzamentaria definida, un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, que conte coa participación dos profesionais do propio servizo.
- Instar a Xunta de Galicia a incluír nese plan, como mínimo, o reforzo estrutural e suficiente dos recursos humanos necesarios para poñer fin á sobrecarga asistencial e á necesidade de dobrar quendas por parte do persoal.
- Instar a Xunta de Galicia a incluír igualmente a ampliación dos espazos do servizo de urxencias, coas dotacións materiais necesarias para garantir unha atención sanitaria digna, segura e de calidade.»



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 17 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5293/1101, cuxa parte resolutiva indica.

«**Único.**-ENGADIR á proposta de acordos os seguintes:

- Instar á Xunta de Galiza a reforzar cos medios humanos e materiais que foren precisos o Punto de Atención Continuada (PAC) da rúa Pizarro, para garantir a debida capacidade asistencial, así como a dotar a cidade de dous novos PAC, un na contorna de Navia-Coia e outro Teis, dotados todos eles con persoal médico especializado en pediatría.
- Instar á Xunta de Galiza a actuar diante da sobrecarga dos centros de saúde da cidade que provocan esperas de até 2 e 3 semanas para a obtención de cita de medicina de familia, despregando os reforzos de persoal que fose necesario e garantindo que todos os cupos contan con facultativo/a asignado.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN da aceptación da EMENDA (5293/1101):

- Votos a favor:* vinte e un (21), dezaioito votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* non houbo.
- Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

VOTACIÓN do asunto emendado:

- Votos a favor:* vinte e un (21), dezaioito votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra:* non houbo.
- Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezaioito votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 18 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2026 (Rex. Nº 5285/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Instando a Xunta de Galicia a presentar un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro con dotación económica, e outros acordos complementarios", co engadido da enmenda aceptada do GM do BNG de 22.01.2026 (5293/1101), e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:21 horas, auséntase do Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

### **6.(6). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COS APARCADOIROS DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, PERTECENTES AO SERGAS. EXPTE. 5286/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5286/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«De maneira reiterada, neste Pleno vimos trasladando a reclamación que día a día fan as viguesas e os vigueses, demandando á Xunta de Galicia que decrete a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Álvaro Cunqueiro.

É un imposto á sanidade, que pacientes e familiares veñen soportando desde hai máis de 10 anos para o enriquecemento da concesionaria, coa complicidade do goberno do PP en Galicia.

Tampouco a Xunta atende a nosa reclamación, aprobada neste Pleno, da cesión dunha parcela do complexo hospitalario, que neste momento non se utiliza, para que o Concello habilite o que sería o segundo aparcadoiro gratuito, financiado exclusivamente polo Concello de Vigo.

Traballadores, pacientes e persoas usuarias só dispoñen dun aparcadoiro público gratuito, o do Concello de Vigo.

As persoas usuarias tamén demandan á Xunta de Galicia que habilite de maneira urxente un acceso seguro e axeitado ao Hospital Álvaro Cunqueiro para quen utiliza o aparcadoiro público municipal.

Na actualidade, a única entrada habilitada para o acceso peonil ao hospital é a entrada principal, situada a máis de 600 metros do aparcadoiro público xestionado polo Concello de Vigo. Esta circunstancia obriga ás persoas usuarias e aos familiares a desprazarse a pé por un percorrido longo, exposto ás inclemencias meteorolóxicas e carente de condicións óptimas de seguridade, especialmente en horario nocturno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 19 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Á falta dun acceso alternativo, moitas persoas vense forzadas a utilizar as saídas do aparcadoiro privado de pagamento, o que supón un risco evidente para a súa integridade física, ao non estaren ditas saídas deseñadas para o tránsito peonil. Esta situación afecta de maneira particular a quen acode atender familiares hospitalizados, así como a pacientes que deben desprazarse con mobilidade reducida ou en situacións de especial vulnerabilidade. Os accesos do hospital de día —destinados a servizos como diálise ou oncoloxía— permanecen pechados ou non habilitados para un uso peonil seguro, impedindo que as persoas usuarias poidan acceder por unha zona máis próxima e axeitada ás súas necesidades.

Segue a ser necesario que este Pleno inste á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro, á cesión da parcela hoxe non utilizada e a facilitar un acceso axeitado desde o aparcadoiro gratuíto do Concello de Vigo, co fin de evitar ás persoas usuarias un percorrido a pé de máis de medio quilómetro.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

#### ACORDOS

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a decretar a gratuidade dos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS, do mesmo xeito que é gratuíto o aparcadoiro construído polo Concello.
- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia á cesión ao Concello de Vigo, de forma gratuíta ou mediante adquisición, da Parcela 5 do Complexo Hospitalario, co obxectivo de construír un novo aparcadoiro para uso gratuíto do persoal e das persoas usuarias do Hospital Álvaro Cunqueiro.
- Instar ao Goberno galego á habilitación inmediata dun acceso peonil seguro, directo e próximo ao aparcadoiro público municipal, garantindo a seguridade e a dignidade das persoas pacientes e das persoas acompañantes.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5295/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5295/1101).

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte (20), dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 20 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Votos en contra: cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: non houbo.

#### ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco votos (5) en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2026 (Rex. Nº 5286/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas cos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertencentes ao SERGAS*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:41 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

### **7.(7). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A ESTABLECER UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO PARA A FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS PÚBLICOS DE APOIO A VOOS DESDE VIGO A CIDADES EUROPEAS E ESPAÑOLAS. EXPTE. 5287/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5287/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«O aeroporto de Vigo obtivo un resultado satisfactorio no número de viaxeiros durante o ano 2025, pechando con un millón cen mil pasaxeiros, o que reflicte unha subida do 5,32 % con respecto ao ano 2024, a pesar da competencia das axudas que a Xunta de Galicia continúa a conceder ao aeroporto de Santiago.

Axudas que a Xunta quere ocultar ao non facilitar as cifras que destina a tal fin. O certo é que a Xunta nunca chegou nin un só euro ao aeroporto de Vigo, malia o potencial deste aeroporto.

AENA está a realizar os estudos sobre as posibles rutas e destinos a implantar no aeroporto de Vigo, e é o momento de que tanto a Xunta de Galicia, como veñen practicando outras comunidades autónomas, como a Deputación de Pontevedra, aposten decididamente por apoiar economicamente o aeroporto de Vigo.

Baixo a forma de contratos públicos, as tres administracións —Concello, Xunta e Deputación— deben financiar a partes iguais os diferentes voos que resulten dos estudos que se veñen realizando, tanto a cidades europeas como Londres, París, Milán, como a outros destinos nacionais como Barcelona.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 21 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

### ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a establecer un convenio de colaboración co Concello de Vigo para a formalización de contratos públicos de apoio a voos desde o aeroporto de Vigo a cidades europeas e españolas, de acordo cos estudos de AENA, financiando cada administración un terzo das achegas necesarias.»

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5294/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 22 de xaneiro de 2026, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5291/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polo voceiro do grupo municipal do BNG (5294/1101) nin polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular (5291/1101).

### VOTACIÓN:

• *Votos a favor:* dezaoto (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

• *Votos en contra:* oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

• *Abstencións:* non houbo.

### ACORDO:

Con dezaoto (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito votos en contra (8), cinco (5) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2026 (Rex. Nº 5287/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a establecer un convenio de colaboración co Concello de Vigo para a formalización de contratos públicos de apoio a voos desde Vigo a cidades europeas e españolas*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 22 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Sendo as 11:08 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión; e auséntase o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rivas González. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

### **8.(8). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL A REALIZAR UN ESTUDO DE PATOLOXÍAS DAS CUBERTAS DE TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS VIGUESES. EXPTE. 5288/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5288/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«Os centros escolares vigueses son edificacións que foron construídas na súa maioría entre as décadas dos anos 60 e 80.

As cubertas destes centros son, se dúbida, unha das partes máis importantes destas construcións, pero como con todos os materiais e edificacións, o paso do tempo, o re-mate da súa vida útil ou incluso os defectos construtivos iniciais, poden comprometer a funcionalidade e seguridade do edificio.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

#### ACORDO

- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realizar un estudo de patoloxías das cubertas de todos os centros educativos públicos vigueses.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais 3 votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 23 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con vinte e un (21) votos a favor, dezaioito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.01.2026 (Rex. Nº 5288/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*Instando a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realizar un estudo de patoloxías das cubertas de todos os centros educativos públicos vigueses*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## PARTE DE CONTROL

### **MOCIÓNS.**

#### **9.(9). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA GARANTIR UN SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO DE CALIDADE EN VIGO BAIXO XESTIÓN PÚBLICA. EXPTE. 5282/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro de 2026, número 5282/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

«O autobús urbano é unha ferramenta básica para garantir a mobilidade diaria da veciñanza de Vigo e un elemento determinante á hora de definir que tipo de cidade queremos. Non se trata só de desprazamentos, senón de dereitos, de acceso aos servizos públicos e de cohesión territorial. Porén, a realidade actual do servizo, xestionado de maneira privatizada por Vitrasa (Grupo Avanza), dista moito dese papel central. Nos últimos anos asistimos a un deterioro progresivo, marcado por incumprimentos reiterados do contrato, unha caída evidente da calidade e unha conflitividade laboral constante ligada á precarización do persoal.

A redución da oferta é un dos síntomas máis graves e visíbeis desta situación, cun claro impacto negativo na mobilidade da cidade e, nomeadamente, con evidentes prexuízos para o conxunto da veciñanza. Desde 2020 recortáronse máis de 250 frecuencias diarias, suprimíronse liñas necesarias (C2, N2, N3 ou a de Persoas con Mobilidade Reducida) e substituíronse as frecuencias fixas por un sistema variábel que introduce incerteza e dificulta a planificación dos desprazamentos, e que na práctica apenas serve de coartada para alargar os tempos de espera. O resultado son agardas interminábeis, autobuses que chegan acabalgados de maneira amoreada ás paradas e longos períodos sen servizo, unha realidade que penaliza especialmente ás persoas que dependen do transporte público para ir traballar, estudar ou acceder a servizos básicos.

O problema non é só de cantidade, senón tamén de deseño. O vixente mapa de liñas segue sen dar resposta ás necesidades reais da cidade, deixando mal comunicados barrios e parroquias e dificultando o acceso a equipamentos estratéxicos como hospi-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 24 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

tais, centros educativos, o campus universitario ou os polígonos industriais. A isto engádesse a falta de coordinación co resto dos medios de transporte: estacións de tren e autobuses, transporte marítimo ou aeroporto. Así como unha cobertura nocturna claramente insuficiente.

Todo este escenario contrasta cun feito difícil de xustificar: Vigo conta cun dos billetes máis caros de Galiza, mesmo coas bonificacións en vigor, e continúa fóra do sistema de transporte metropolitano da súa área, unha anomalía que afecta directamente á mobilidade diaria de milleiros de persoas, toda vez a nosa cidade recibe cada xornada arredor de 90 mil vehículos provenientes de concellos da nosa contorna.

Tal e como denunciámos reiteradamente desde o BNG, a prórroga da concesión até 2025, aprobada en 2020, consolidou un modelo baseado nun prego de 1994, superado e incapaz de responder aos retos actuais. A falta de control efectivo por parte do Goberno municipal fronte aos incumprimentos da concesionaria evidenciou de maneira incontestábel os límites dun modelo que non pon o interese público no centro.

Por iso, o Bloque Nacionalista Galego, en liña co que reclaman colectivos veciñais e sociais, defende a remunicipalización do autobús urbano a través dunha empresa pública municipal, tal e como reclamamos nunha moción perante este Pleno en abril do pasado ano e como xa sinaláramos nunha anterior, en setembro de 2023.

Unha opción xa aplicada con éxito noutras cidades, incluso con menos recursos ca Vigo, que permitiría mellorar o servizo, garantir a súa accesibilidade, reforzar a vertebración da cidade e avanzar cara a unha mobilidade menos dependente do vehículo privado, no camiño de atinxirmos unha cidade máis sustentábel, habitábel e segura, con menos ruído e contaminación e permitindo democratizar o espazo público en favor das persoas sobre os coches.

A reversión de medios derivada da fin da concesión así como as condicións económico-financeiras do Concello de Vigo fan perfectamente viábel este proceso de remunicipalización que só esixe de vontade política.

Arestora, a concesión de Vitrasa fica novamente prorrogada (por un período de até 2 anos) e, en paralelo, tense iniciado a licitación dun novo contrato de prestación de servizos. Un proceso que verifica a falla de vontade do Goberno municipal de aproveitar a oportunidade histórica que representa a fin da concesión actual, iniciada no ano 1994 do século pasado, para dotar Vigo dun servizo de transporte urbano á altura da maior cidade de Galiza.

Neste sentido, os pregos que se veñen de publicar son moi decepcionantes e confirman que a aposta do actual goberno local é, basicamente, máis do mesmo, pero cun custe económico maior. As conclusións do Estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo, encargado polo Concello, indican con clareza a necesidade de mellorar frecuencias, liñas e puntualidade, como as principais demandas da veciñanza. No entanto, ao manter o mesmo número de autobuses que a actual flota, unicamente sendo actualizados por vehículos novos; o mesmo cadro de persoal sen incrementos;



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 25 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

e cun máximo de quilometraxe que continuará por debaixo do que se percorría en 2019 (antes do brutal recorte de frecuencias que se mantivo após a pandemia), o propio Concello inviabiliza a mellora substancial e imprescindible que require a prestación do servizo. Sendo a renovación da actual flota de vehículos o groso dos investimentos ligados a este contrato, resulta inxustificábel que non se aposte por incrementar, cando menos para algunhas liñas que así o requiren por demanda, o número de buses articulados.

Aliás, descoñécese o alcance das modificacións que poidan producirse no actual mapa de liñas -a pesar de que o estudo técnico encargado e que custou preto de 400 mil euros debería incluír unha nova modelización da que non hai constancia- e que se incorpora no expediente como base para a licitación, sen atender tampouco a necesidade de actualizar os cálculos de tempos de traxecto que son estruturalmente incumpridos. Unha mudanza longamente prometida polo actual Goberno municipal desde hai máis de dez anos e unha demanda reiterada por parte do movemento veciñal, diante dun deseño de liñas obsoleto e ineficiente, que todo apunta volverá a ser desatendida.

A pesar de todo isto, asistimos a un incremento moi significativo dos custes de prestación do servizo, acompañada da previsión do aumento da subvención municipal e mesmo a fixación de tarifas máis elevadas que as actuais. Isto é: pagar máis polo mesmo servizo insuficiente e deficiente, pero con buses máis novos.

Xa que logo, nestas condicións, a licitación para a xestión privatizada do servizo de bus urbano de Vigo ameaza con se converter nunha nova hipoteca, que engada 9 anos máis á condena dun servizo de bus que non está a altura das necesidades das viguesas e dos vigueses.

Pero estamos a tempo de evitar que se dilapide a grande oportunidade que supón a fin da actual concesión prorrogada e avanzarmos cara a posta en marcha dun outro modelo de servizo de bus urbano, sob xestión pública, que pivotando sobre o deseño dun novo mapa de liñas que conecte mellor o conxunto de barrios e parroquias, o aumento de frecuencias (diurnas e nocturnas, de luns a domingo) e mellores horarios, inclúa tamén o despregamento dunha liña CERO, que una dende o barrio de Teis até Navia, e que permita conectar co resto de liñas de bus. Así como ampliar o billete de transferencia coa posibilidade de realizar até dous transbordos gratuítos nun período de 60 minutos, mellorar a integración intermodal e reducir o prezo do billete incluíndo a gratuidade permanente para menores de 15 anos, persoas desempregadas e en situación de vulnerabilidade social.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

Instar ao Goberno municipal a:

**Primeiro.-** Desistir do procedemento de licitación pública anunciada para a concesión privatizada da "Prestación do servizo público de transporte colectivo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 26 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

urbano de viaxeiros/as do municipio de Vigo, así como a prestación do servizo de autobús turístico cultural" (Expte. 4537-449) e adoptar todas as medidas que foren precisas para constituír unha empresa pública municipal de transportes co obxectivo de asumir, a través desta, a xestión directa do mesmo.

**Segundo.-** Convocar con carácter urxente o Consello Sectorial de Transportes do Concello de Vigo para dar conta das conclusións do "Estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo", contratado polo Concello de Vigo, como base para debater e definir de maneira participativa as condicións que deben rexer o futuro do servizo de autobús urbano da cidade, apostando na súa mellora en frecuencias e horarios, actualización do mapa de liñas, optimización dos tempos de traxecto, abaratamento do billete e novas bonificacións e medidas que prioricen a accesibilidade, intermodalidade e sustentabilidade.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: vinte e tres (23), dezaoto votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: non houbo.

ACORDO:

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, e vinte e tres (23) votos en contra, dezaoto votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 21.01.26 (Rex. Nº 5282/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Para garantir un servizo de autobús urbano de calidade en Vigo baixo xestión pública", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **FOD.1.(10). MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, REFERENTE A CITACIÓN COMO INVESTIGADA DA CONCELLEIRA-DELEGADA DE SEGURIDADE E FESTAS E DO XEFE DA ÁREA DE SEGURIDADE NO TRANCURSO DA INSTRUCCIÓN AO RESPECTO DO ACCIDENTE MORTAL ACON-**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 27 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## TECIDO NA ATRACCIÓN DE FEIRA DO "SALTAMONTES" DURANTE AS FESTAS DE MATAMÁ EN AGOSTO DE 2024. EXPTE. 5296/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xaneiro de 2026, número 5296/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

### MOCIÓN DE URXENCIA

#### «XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Este xoves, 22 de xaneiro, coñecíamos a decisión do xulgado de instrución que leva a causa aberta polo accidente mortal do 'Saltamontes' de citar en calidade de investigada á concelleira-delegada das áreas de Seguridade e Festas do Concello de Vigo, Dona Patricia Rodríguez Calviño. Ao igual que o facía tamén co Xefe de Área de Seguridade, Don Antonio V. M., na mesma condición. Ambos os dous están citados para o vindeiro 3 de febreiro cando se compren exactamente un ano e medio do tráxico suceso.

Como queira que o prazo para a presentación de mocións ordinarias ten rematado, rexistramos esta moción de urxencia ao abeiro do disposto no artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión da xuíza instrutora da causa aberta polo accidente mortal acontecido na atracción do 'Saltamontes' durante as festas de Matamá, en agosto de 2024, de citar en calidade de investigada a concelleira-delegada de Seguridade e Festas, Dona Patricia Rodríguez Calviño, así como tamén ao xefe da área de Seguridade do Concello de Vigo, Don Antonio V.M., na mesma condición, é dunha extrema gravidade.

Máis tamén é a constatación evidente da manifesta negligencia coa que actuou este goberno municipal, ao incumprir a súas obrigas de control e vixilancia dunha atracción de feira que nin foi inspeccionada nin precintada pola policía local ao carecer de autorización municipal para a súa instalación.

Así o denunciámos hai xa ano e medio dende o grupo municipal do PP de Vigo, chegando mesmo a presentar unha moción na sesión do Pleno correspondente ao mes de agosto de 2024, celebrada o 9 de setembro, na que demandabamos a creación dunha Comisión Especial de Investigación que foi rexeitada cos votos da maioría absoluta do PSOE.

Agora, diante da gravidade dos feitos que vimos de coñecer, o Partido Popular de Vigo esiximos que a edil Patricia Rodríguez sexa apartada dos seus cargos con carácter inmediato. Unha persoa que está a ser investigada xudicialmente non pode, baixo ningún concepto, permanecer no seu posto ni un minuto máis. Xa que logo debe dimitir ou ben debe ser cesada por parte do alcalde de Vigo, Don Abel Caballero, quen tampouco pode permanecer impasible nin en silencio diante destes feitos.

E o mesmo pedimos para o xefe de Área de Seguridade, que debe ser igualmente apartado das súas funcións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 28 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Polo tanto e diante da gravidade destes feitos o Grupo Municipal del Partido Popular propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

1.- Esixir a dimisión ou o cese inmediato da concelleira-delegada de Seguridade e Festas, Dona Patricia Rodríguez Calviño, logo da súa citación a declarar o vindeiro 3 de febreiro en calidade de investigada na causa aberta polo accidente mortal acontecido na atracción de feira do 'Saltamontes' durante as festas de Matamá, en agosto de 2024.

2.- Esixir o cese inmediato do xefe da Área de Seguridade do Concello de Vigo, Don Antonio V.M, igualmente chamado a declarar pola xuíz instrutora do caso en calidade de investigado na causa.»

DELIBERACIÓNS sobre a urxencia alegada: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

- *Votos a favor:* oito (8), cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* dezaioito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barrero, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia
- *Abstencións:* non houbo.

ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e dezaioito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 23.01.2026 (Rex. Nº 5296/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "*Citación como investigada da concelleira-delegada de seguridade e festas e do xefe da área de seguridade no transcurso da instrución ao respecto do accidente mortal acontecido na atracción de feira do "saltamontes" durante as festas de matamá en agosto de 2024*".

**FOD.2.(11). MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS E Á NECESIDADE DE ESCLARECER AS DEFICIENCIAS NOS MECANISMOS MUNICIPAIS DE CONTROL E SEGURIDADE TRAS O ACCIDENTE MORTAL OCORRIDO NAS FESTAS DE MATAMÁ. EXPTE. 5297/1101.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 29 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Electrónico do Pleno do 23 de xaneiro de 2026, número 5297/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

## MOCIÓN DE URXENCIA

### «XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O artigo 63.4 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP) do Concello de Vigo sinala que *"Os Grupos Municipais poderán presentar no Rexistro do Pleno unha soa Moción de urxencia no suposto de acontecementos relevantes que tiveran lugar no período comprendido entre o día da convocatoria do Pleno e o día seguinte; no escrito de Moción xustificárase a urxencia."*

O 22 de xaneiro do ano corrente, un día despois de formalizada a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno a celebrar o 26 de xaneiro, transcendeu publicamente, a través dos medios de comunicación (<https://www.europapress.es/galicia/noticia-citan-investigada-concejal-seguridad-vigo-causa-judicial-accidente-mortal-saltamontes-20260122161122.html>), a decisión da praza número 3 da Sección de Instrución do Tribunal de Instancia de Vigo de proceder a imputar -citándoa en calidade de investigada- na causa xudicial aberta tras o sinistro mortal producido nas Festas de Matamá o 3 de agosto de 2024 á concelleira responsábel da Área de Goberno de Seguridade, a señora Patricia Rodríguez Calviño, así como ao Xefe de Área de Seguridade do Concello e o perito que realizou a inspección da atracción implicada no tráxico suceso.

A decisión xudicial verifica a existencia de indicios sólidos dunha eventual responsabilidade municipal en relación a un control negligente que a propia Fiscalía asume ao sinalar a inexistencia tanto dun protocolo municipal de inspeccións como tamén a falla dunha instrución clara que ordenase o precinto da atracción, unha vez constatado que non reunía as debidas condicións de acordo á normativa para a súa autorización. E supón un feito gravísimo que afecta de maneira directa a unha integrante do Goberno municipal, que merece ser abordado, no exercicio das súas competencias, polo máximo órgano da Corporación Local que é o Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 3 de agosto de 2024 produciuse un tráxico accidente mortal nunha atracción de feira instalada con motivo das Festas de Matamá. Un feito de extrema gravidade que conmocionou á cidade e que puxo de manifesto posíbeis eivas e deficiencias nos sistemas municipais de control, inspección e autorización deste tipo de instalacións.

No marco da investigación xudicial aberta para esclarecer as circunstancias do suceso, vén de se coñecer a decisión do órgano xudicial instrutor de citar en calidade de persoas investigadas á concelleira da área de Seguridade, ao xefe do servizo municipal e tamén ao perito que realizara a inspección previa sobre a atracción accidentada. Esta decisión xudicial evidencia a existencia de indicios consistentes de responsabilidade vinculados á actuación municipal, en particular no que atinxe a función de control pola inexistencia dun protocolo municipal de inspeccións e á ausencia de instrucións claras para proceder ao precinto da atracción unha vez estaba constatado que non cumpría os requisitos exixidos pola normativa para a súa autorización, tal e como asume o propio ministerio fiscal.

Estes feitos resultan especialmente graves nun contexto no que, desde a que se produciu o accidente, non se deron aínda explicacións suficientes nin se asumiu nin-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 30 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

gunha responsabilidade perante o Pleno da Corporación, malia as reiteradas solicitudes formuladas pola oposición.

Do mesmo xeito, no Pleno extraordinario celebrado o 9 de setembro de 2024, foi rexeitada pola maioría absoluta do grupo de Goberno a creación dunha Comisión Especial de Investigación no seo do Concello, impedindo así un esencial exercicio de transparencia, rendición de contas e esclarecemento dos feitos. A imputación xudicial da concelleira delegada da área de Seguridade ratifica e reitera a necesidade dese instrumento de investigación.

A veciñanza de Vigo ten dereito a coñecer toda a verdade do acontecido, a que se depuren todas as responsabilidades que correspondan e tamén a que se adopten as medidas necesarias para garantir que un suceso destas características non poida volver repetirse. A confianza nas institucións públicas esixe unha actuación política á altura da gravidade dos feitos, baseada na transparencia, na asunción de responsabilidades e na adopción de medidas correctoras.

Polo que, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno municipal a asumir as responsabilidades políticas derivadas das graves deficiencias detectadas nos mecanismos municipais de control e seguridade, procedendo ao cesamento inmediato da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, dona Patricia Rodríguez Calviño.

**Segundo.-** Acordar, ao abeiro do artigo 35 do ROP, a creación dunha Comisión Especial de Investigación, co obxecto de esclarecer de maneira exhaustiva as circunstancias que rodearon o accidente mortal ocorrido nas Festas de Matamá, determinar as responsabilidades políticas e administrativas correspondentes e analizar o funcionamento dos servizos municipais implicados propoñendo, en detalle, medidas correctoras.

**Terceiro.-** Instar ao Goberno municipal a elaborar e implantar con carácter inmediato un protocolo municipal de inspección, control e autorización de atraccións de feira e instalacións similares, que inclúa procedementos claros de actuación, criterios técnicos obxectivos e mecanismos efectivos de control e precinto cando non se cumpran as condicións exixidas pola normativa.

**Cuarto.-** Acordar a revisión integral das ordenanzas, instrucións internas e protocolos municipais do Concello de Vigo en materia de seguridade en eventos públicos, co obxecto de os adaptar á normativa vixente e o reforzamento da prevención de riscos.

**Quinto.-** Instar ao Goberno municipal a dotar aos servizos municipais da área de Seguridade do Concello dos medios humanos e materiais necesarios, garantindo unha estrutura suficiente, formación específica e capacidade efectiva de actuación preventiva.»

DELIBERACIÓNS sobre a urxencia alegada: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA:

•*Votos a favor:* oito (8), cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sán-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 31 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

chez Méndez mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

- *Votos en contra:* dezaioito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia
- *Abstencións:* non houbo.

ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e dezaioito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 23.01.2026 (Rex. Nº 5297/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Asunción de responsabilidades políticas e á necesidade de esclarecer as deficiencias nos mecanismos municipais de control e seguridade tras o accidente mortal ocorrido nas festas de matamá*".

## RESOLUCIÓNS.

### **10.(12). RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/12/25 E O 19/01/26; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5281/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26, incluídas no expediente 5281/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

### **11.(13). RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/12/25 E O 19/01/26; DACIÓN DE CONTA. INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DO PLENO 5283/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26, incluídas no expediente 5283/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 32 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 12. FORMULACIÓN DE ROGOS.

**12.1.(14).** Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal aclare se vai axilizar a retirada do alumeado e ornamento de Nadal instalado na cidade ou pensa reutilizalo para o Entroido deste ano.»

O Sr Alcalde responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**12.2.(15).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que o Concello de Vigo se sume ao novo convenio de limpeza das franxas secundarias que permita ter limpas as zonas máis próximas dos nosos montes ás vivendas das nosas parroquias, de xeito que poidamos impedir lumes forestais como os acontecidos en 2017».

O Sr Alcalde responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

## 13. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**13.1.(16).** Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro «¿Vai rexeitar o Goberno municipal o acordo atinxido entre a Xunta de Galiza e a FEGAMP en relación ao financiamento do Servizo de Axuda no Fogar por non cubrir o cento por cento do custe da súa prestación, tal e como reclamamos o BNG e como mesmo demandou o propio Alcalde?».

O Sr Alcalde responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**13.2.(17).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cal é o motivo polo que este concello continúa sen ter actualizado un plan municipal contra as inundacións a pesares de que está obrigado a contar con el desde hai tres anos?».

O Sr Alcalde responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario xaneiro 2026  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 26 de Enero de 2026 09:00:25  
Fecha Fin : Lunes, 26 de Enero de 2026 12:01:10  
Duración : 03:00:45

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas\\_new.jsp?id=3628](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3628)

- Media (MASTER)  
-----



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 33 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.4 GiB  
 Url - https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/TiEQ586bgkjpJn5q0UyFta-j00mvt9f2gvM6GvwKup5LDtk5V.wmv  
 SHA512 - 80399b4911ae903a0fda74a98cf1745473bb358b2a59c7ef98260de1e7aa61428e9ca6839ab58772bc4fd32762d08cc352eb112d64b5c825d5724b5ba61bf4bc

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Ángel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorca; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Benavides Alonso, Daniel; García González, Patricia; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier; Remoto;
- 00:01:57 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:02:07 : 1. Actas anteriores: extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 29 de decembro 2025.
- 00:02:39 : 2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 4º trimestre do 2025 e período medio de pagos dos 12 meses do 2025; dación de conta. Expte. 30563/541. (Expte. Pleno 5274/1101).
- 00:03:06 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:07:28 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:34 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:12:34 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:58 - García González, Patricia
- 00:18:04 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:18:27 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:20:30 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:00 : 3. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o novo regulamento de control de pesca e as consecuencias para a frota da súas obrigas. Expte. 5284/1101.
- 00:22:15 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:27:01 - Silva Rego, Carmen
- 00:27:11 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:32:18 - López Font, Carlos
- 00:37:45 - Silva Rego, Carmen
- 00:37:59 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:41:07 - Silva Rego, Carmen
- 00:41:28 - Votación [9:41:52]
- 00:41:54 : 4. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas en materia de teleasistencia. Expte. 5258/1101.
- 00:42:14 - Aguiar Castro, Yolanda
- 00:47:14 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 34 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 00:47:26 - Martínez Piñeiro, Ana  
 00:52:38 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 00:56:51 - Silva Rego, Carmen  
 00:56:58 - Aguiar Castro, Yolanda  
 01:00:00 - Silva Rego, Carmen  
 01:00:17 - Votación [10:00:41]
- 01:00:32 : 5. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a presentar un plan integral de actuación para o servizo de urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro con dotación económica, e outros acordos complementarios. Expte. 5285/1101.
- 01:00:59 - Silva Rego, Carmen  
 01:01:03 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:05:49 - Silva Rego, Carmen  
 01:05:58 - Martínez Piñeiro, Ana  
 01:11:06 - Silva Rego, Carmen  
 01:11:14 - Martín Peña, José Miguel  
 01:16:04 - Silva Rego, Carmen  
 01:16:11 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:17:46 - Silva Rego, Carmen  
 01:18:06 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:19:40 - Silva Rego, Carmen  
 01:19:59 - Votación [10:20:23]  
 01:20:29 - Votación [10:20:53]
- 01:20:42 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas cos aparcadoiros do Hospital Álvaro Cunqueiro, pertecentes ao SERGAS. Expte. 5286/1101.
- 01:21:12 - López Font, Carlos  
 01:26:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:26:32 - Abalde Comesaña, Filipe  
 01:31:36 - Silva Rego, Carmen  
 01:31:46 - García González, Patricia  
 01:36:49 - Silva Rego, Carmen  
 01:37:11 - López Font, Carlos  
 01:40:13 - Silva Rego, Carmen  
 01:40:45 - Votación [10:41:09]
- 01:41:01 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra a establecer un convenio de colaboración co Concello de Vigo para a formalización de contratos públicos de apoio a voos desde Vigo a cidades europeas e españolas. Expte. 5287/1101.
- 01:41:29 - López Font, Carlos  
 01:46:30 - Silva Rego, Carmen  
 01:46:36 - López Font, Carlos  
 01:46:39 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:51:39 - Silva Rego, Carmen  
 01:51:48 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 01:56:51 - Silva Rego, Carmen  
 01:56:57 - Silva Rego, Carmen  
 01:57:35 - López Font, Carlos  
 02:00:38 - Silva Rego, Carmen  
 02:00:53 - Votación [11:01:17]  
 02:07:27 - Silva Rego, Carmen
- 02:07:33 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a realizar un estudo de patoloxías das cubertas de todos os centros educativos públicos vigueses. Expte. 5288/1101.
- 02:07:50 - Alonso Suarez, María Olga  
 02:12:53 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 35 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 02:13:03 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:17:44 - Silva Rego, Carmen  
 02:17:53 - Benavides Alonso, Daniel  
 02:22:50 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:23:03 - Alonso Suarez, María Olga  
 02:26:02 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:26:15 - Votación [11:26:40]
- 02:26:56 : 9. Moción do grupo municipal do BNG para garantir un servizo de autobús urbano de calidade en Vigo baixo xestión pública. Expte. 5282/1101.
- 02:27:14 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:32:16 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:32:21 - Martín Peña, José Miguel  
 02:36:57 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:37:05 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:42:07 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:42:22 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:44:54 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:45:02 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:45:32 - Votación [11:45:57]
- 02:46:41 : FOD.1 Moción urxencia Partido Popular  
 02:46:52 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:47:20 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:47:30 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:47:58 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:48:04 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:49:01 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:50:05 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:50:10 - López Font, Carlos  
 02:51:12 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:51:25 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:51:32 - Votación [11:51:57]
- 02:51:43 : FOD.2 Moción urxencia BNG  
 02:51:47 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:51:57 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:52:58 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:53:02 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:53:59 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:55:11 - López Font, Carlos  
 02:56:20 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:56:32 - Votación [11:56:56]
- 02:56:53 : 10. Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5281/1101.  
 : 11. Resolucións de concelleiros/as delegados/as ditadas entre o 19/12/25 e o 19/01/26; dación de conta. Incluídas no expediente do Pleno 5283/1101.
- 02:57:15 : 12. Formulación de rogos.  
 02:57:20 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:57:37 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:57:49 - Martín Peña, José Miguel  
 02:58:04 - Caballero Álvarez, Abel
- 02:58:32 : 13. Formulación de preguntas.  
 02:58:32 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:58:38 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:58:55 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:59:45 - Martín Peña, José Miguel  
 02:59:56 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 36 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

03:00:06 - Caballero Álvarez, Abel  
03:00:45 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas (12:00) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 1/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.  
sc.

A PRESIDENCIA  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/03/2026 13:09	Páxina 37 de 37
5313-1101	CSV: A8BFA2-3B5CB9-4D4F54-WZPQDM-2NSDSE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		